

## **Título: Cousa do viño**

As badaladas do campanario de Santa María anunciaban a media noite de forma lenta e profunda. O día de feira alongarase en exceso e os beneficios dos porquiños que con tanto mimo criara a familia, diluíronse como sempre entre as cuncas de viño e a auga ardente.

Triste destino o daqueles que na familia padecen a un home apegado ao alcol. En certa forma sentíndose culpábel, pero aínda reconfortado pola calor do viño do país, decidiu seguir camiño de regreso a casa, atravesando as portas da cidade medieval, especialmente fría e solitaria durante esta noite de defuntos. Sen saber como, no seu camiño cruzouse unha fúnebre profesión que iluminaba cada lastro, cada recuncho da solitaria rúa, cunha luz que logrou apagar a calor do seu corpo. Encabezando a mesma, observou aterrado unha faciana inexpresiva, ausente. A súa propia figura guiaba en triste camiño aquela recua de mortos.

Cedo, aquela mesma maña, aqueles que deixaban a vila de Betanzos para acudir os seus traballos, atoparon o corpo daquel pobre home. A súa tez estaba branca como unha lápida e o seu cabelo envellecera adoptando a cor da neve nunha noite de inverno. Cousa do viño sentenciaron a maioría, cousa do viño.

Daniel Seixo Paz, 35 anos